RIBADEO

ACISA RIBADEO

XUNTA DE GALICIA

PANCHARIBADEO.GAL

PANCHA

A moeda de Ribadeo

RIBADEO

ACISA RIBADEO

XUNTA DE GALICIA

ADHESIÓN E COBRO DA PANCHA

Que preciso para adherirme?

1. Ter un establecemento físico permanente aberto ao público e situado en Ribadeo.
2. Levar a cabo unha actividade principal incluida nos epígrafes da convocatoria*.
3. Ser persoa empresaria autónoma, micropeme ou pequena empresa de conformidade coa definición do regulamento (UE) Nº651/2014 da CE.

*Detalles IAE.- Segundo a clasificación de pígrafes do IAE, poderán adherirse á campaña todos aqueles establecementos que estean dados de alta en algún dos seguintes epígrafes:

1.64 - Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco realizado en establecemento permanente (salvo epígrafe 647.5 -comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimentarios e bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas sexa igual ou superior a 300 metros cadrados; e epígrafe 647.5 -Subministro de produtos alimenticios e bebidas, excluido o tabaco, a través de máquinas expendedoras).

1.65 - Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes (salvo epígrafe 652.1 - Farmacias, comercio polo miúdo de medicamentos, produtos sanitarios e de hixiene persoal; epígrafe 655 - Combustibles, carburante e lubricantes; e epígrafe 658 - Compravenda de gando).

1.662 - Comercio mixto ou integrado polo miúdo.

1.971 - Lavanderías, Tinturerías e servizos similares.

1.9721 - Servizos de perruquería de donas e cabaleiros e 1.9722 Salóns de institutos de beleza.

1.9731 - Servizos fotográficos.

1.975 - Servizos de enmarcación.

1.981.2 - Xardíns de recreo nos que a entrada é por prezo (A organización resérvase o dereito de poder modificar este detalle de IAE).

671 - Servizos en restaurantes

672 - Servizos en cafeterías

673 - De cafés e bares, con e sen comida.

676 - Servizos en chocolaterías, xeaderías e orchaterías.

677 - Servizos prestados polos establecementos clasificados nos grupos 671, 671, 673, 681 e 682 das agrupacións 67 e 68, realizados fóra de ditos establecementos. Outros servizos de alimentación das agrupacións 67 e 68 realizados fóra de ditos establecementos.

721.2 - Transporte por autotaxis.

963 - Exhibición de películas cinematográficas e videos. (A organización resérvase o dereito de poder modificar este detalle de IAE).

Prazo de adhesión: 20 ao 29 de outubro, ambos inclusive.

PANCHA: A moeda de Ribadeo

PROCESO DE ADHESIÓN

1. Rexístrate en **pancharibadeo.gal**
2. Cubre os datos. Enche a túa ficha
3. Validación mediante SMS
4. O Concello de Ribadeo notificará via email se fuches aceptado/a ou se debes aportar algunha documentación adicional.
5. Completa o perfil do comercio (foto, Localización no mapa ...)
6. **Descarga a APP Pancha Ribadeo** para realizar os cobros
7. Pásate polo Concello de Ribadeo e recolle o teu distintivo
8. Listo para cobrar a partir do **1 de novembro**

PROCESO DE COBRO

1. **Emite a factura ou factura simplificada (ticket) co importe total, datos e número.**
2. Inicia sesión na **app Pancha Ribadeo**, vai a opción de cobrar e teclea o importe total da compra.
3. A persoa cliente amosa o seu **código QR.**
4. Lee o **QR** da persoa cliente. Lembra que hai un **límite de 150 Pchs por compra.**
5. Ingresa o número de ticket e confirma a compra. A plataforma rexistra e desconta o cargo das PCH.
6. **Confirma operación e listo, pago realizado!**
7. **Garda a factura/ticket.** O concello poderá proceder á revisión das operacións co obxecto de verificar o cumprimento dos requisitos da convocatoria.

TEN SEMPRE EN CONTA

1. Non poderás validar máis de **150 Pchs por compra.**
2. A entidade colaboradora efectúa o pago da cantidade de panchas semanalmente.
3. Os establecementos adheridos á campaña poderán como máximo recadar **3.000 €** de compras da parte correspondente as subvencións concedidas as persoas beneficiarias. Se acadas este Límite a aplicación non che dará opción a validar máis panchas.
4. Non se admitirá o pago con panchas de bebidas espirituosas segundo a definición do Regulamento (CE), nº 110/2008 e no regulamento de Execución (UE) nº 7161213
5. **Garda os tickets** de cada operación! **ISTO É ESENCIAL!**

*Son bebidas espirituosas aquelas bebidas alcohólicas destinadas ao consumo humano que posúen calidades organolépticas particulares e que teñen un grado alcohólico volumétrico mínimo de 15 por cento (14 por cento para o advocaat e Licor de ovo). Son bebidas como whisky, ron, xenebra, Licores etc..

PANCHARIBADEO.GAL